

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES A Xunqueira I situado no Concello de Pontevedra.

Esta materia estará dirixida ao alumnado de 2º ESO, un número aproximado de 60 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 14 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fomentamos a Igualdade de oportunidades e visibilizamos a loita contra a violencia de xénero	Charla-coloquio a partires da visualización dunhas pezas audiovisuais e posterior obradoiro de Igualdade para traballar o tema da Inclusión, a Igualdade de oportunidades e visibilizar, a empatía mediante o concepto de retrato, e a loita contra a violencia de xénero.	40	12	X		
2	Proxectamos as zonas verdes. Analizamos e traballamos a nosa contorna dende o punto de vista da sustentabilidade.	Nesta unidade realizamos o proxecto de mellora das zonas verdes do centro. Buscamos información acerca das especies e posibles impactos que ocorren na nosa contorna. Iniciaranse os traballos de campo nas zonas verdes do centro. Elaboramos proxectos artísticos e divulgativos relacionados coa nosa contorna, a ecoloxía e a reciclaxe.	30	12		X	
3	Melloramos as zonas verdes. Divulgamos o noso traballo	A última unidade estará adicada á recollida dos froitos do traballo, así como a realización da memoria do mesmo. Expoñemos os resultados obtidos usando distintos formatos. Colaboración interdisciplinar cos equipos de biblioteca, bienestar e sustentabilidade do centro.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Fomentamos a Igualdade de oportunidades e visibilizamos a loita contra a violencia de xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Ver a influencia dos prexuízos e roles de xénero. A dependencia das persoas con discapacidade física e intelectual. A Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e na diversidade de persoas. Concienciar da loita para a eliminación da violencia contra a muller.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Ver e visibilizar información para a proposta de debates e deseño do produto final.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Recabar a información precisa para levar a cabo as actuacións.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Comezar cos traballos en equipos. Distribuir tarefas. Repensar o concepto retrato individual, o retrato colectivo e o autoretrato dende a configuración da empatía.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Remate e presentación do Proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxectamos as zonas verdes. Analizamos e traballamos a nosa contorna dende o punto de vista da sostenibilidade.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Planificar e executar as actuacións .	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Coñecer diferentes modelos de zonas verdes e sostenibilidade. Comprender e aplicar os coñecementos axeitados. Aproximar as solucións aos termos: ecoloxía, ecosistema, sostenibilidade e/ou reciclaxe e interencións artísticas na natureza.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas dun xeito creativo, cooperativo e colaborativo;		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Melloramos as zonas verdes. Divulgamos o noso traballo	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación na biblioteca das accións levadas a cabo e colleitas obtidas. Presentación a outros alumnos do proxecto desenvolvido.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. Complementar con diferentes medios (visuais ou audiovisuais) a linguaxe verbal.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar actuacións e emocións positivas na exposición do proxecto. Fomentar a interacción co público.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto tanto para a presentación pública coma para a realización dun tríptico a difundir dentro da comunidade educativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo os seguintes proxectos: "Fomentando a Igualdade de oportunidades" e "Mellora das zonas verdes do centro".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar a Igualdade, o interese pola lectura, a natureza, o traballo agrícola, a ecoloxía e medio ambiente, a sostenibilidade e a cultura; así coma desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. A súa vez, e condicionado pola meteoroloxía, realizaranse actividades relacionadas co uso e mellora dos espazos abertos do centro, así coma temática relacionada coma a horticultura, a alimentación sostible, medio ambiente, especies invasoras, etc.

Na primeira avaliación aboradarase a temática do 1º proxecto. Comezarase facendo unha introdución aos temas de Inclusión, Igualdade de oportunidades, prexuízos, estereotipos, empatía e violencia de xénero.

O obxectivo final do primeiro trimestre será unha intervención artística na entrada do centro para reflexionar sobre as vítimas da violencia de xénero neste ano 2025 mediante os conceptos de autoretrato, retrato individual e retrato

colectivo.

Na segunda avaliación, comezaremos cun estudo dos espazos verdes do centro, os seus fortes e as súas posibilidades de mellora. Tamén se visitarán zonas anexas ao centro para recabar ideas, propoñer posibles solucións e como deberían ser as distintas fases para o resultado final do proxecto. En cada unha das actividades, cada alumno/a ou grupo realizará unha pequena tarefa que será entregada para a súa valoración.

Realizaranse plantado de novas especies vexetais tratando de que teñan un atractivo de cara o seu uso ornamental e outras árbores froiteiras de cara o seu aproveitamento de cara ao consumo da froita obtida. Asimesmo será relevante a posta en marcha dunha horta escolar e as composteiras. Completarase cunha intervención artística no espazo exterior.

O traballo será organizado en equipos. A maiores, e tendo en conta a meteoroloxía, poderán ser realizados traballos individuais ou colectivos sobre as temáticas do proxecto, que repercutirán na calificación final.

O obxectivo final do segundo trimestre será a entrega dun plano A3 do centro co proxecto final de cada equipo e a entrega dun herbario representativo das especies arbóreas e/ou arbustivas do centro.

Comezaremos a levar aos espazos abertos os proxectos presentados.

A terceira avaliación, se ben seguiremos a traballar no xardín e horta, será adicada a presentación do proxecto final. Cada grupo preparará unha memoria e unha exposición oral cos resultados obtidos coa súa labor.

O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polo centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas: xeometría, deseño dos títeres, cálculo de superficies, estatísticas das especies arbóreas do centro...
- Lingua Castelá: nomes de especies arbóreas, traballos individuais e colectivos.
- Lingua Galega: nomes de especies arbóreas, traballos individuais e colectivos.
- Bioloxía e xeoloxía: manexo de ferramentas agrícolas, cultivo de especies vexetais atendendo as características fisiolóxicas de cada especie, formación de solos, etc.
- Educación física: traballo de campo e visitas a espazos verdes da cidade.
- Educación en Valores Cívicos e Éticos: comportamento social, respecto á cultura propia...
- Educación Plástica, Visual e audiovisual: elaboración-deseño de cartaces e intervención artística na natureza.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de informática e ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...). Material de refugallo.
Pegamentos, colas.
Sprays, pinturas.
Distintos téxtiles, fío de lá...
Ferramentas manuais de agricultura

Os espazos habituais nos que se desenvolverán as clases consisten en:

- Aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Canón de vídeo e portátil para presentación de exposicións de contidos.

- Xardíns do centro. Área da futura horta do centro. Ferramentas necesarias.

Poderá ser empregada a aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas e elaborarán as memorias dos proxectos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Esta información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para elaborar as actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados desta proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- Primeira avaliación: Identificación de prexuízos e roles na temática da igualdade de oportunidades. Sensibilización ca violencia de xénero e desenvolvemento da empatía mediante o concepto de retrato individual e retrato colectivo.
- Segunda avaliación: Análise de problemas ambientais e identificación de especies da nosa contorna. Elaboración dos traballos en distintos formatos e soportes.
- Terceira avaliación: Valoración e exposición dos resultados, e divulgación da importancia da conservación da contorna

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación das memorias, orde...

Cada avaliación estará superada cando a nota media dos traballos presentados sexa igual ou maior a 5.00.

A calificación final da materia establécese do seguinte xeito:

A nota final da materia corresponde á media ponderada dos tres trimestres, na cal serán empregadas as notas sen redondear, atendendo á seguinte fórmula:

$\text{Nota da 1ª avaliación} * 0.34 + \text{nota da 2ª avaliación} * 0.33 + \text{nota da 3ª avaliación} * 0.33 = \text{Nota final}$

O valor numérico da nota da avaliación irá de 1 a 10, redondeando á unidade máis próxima a partir de 5 (ata .49 cara abaixo e dende .50 cara arriba).

Se a media ponderada dos tres trimestres é igual ou superior a 5 o alumnado superará a materia.

Criterios de recuperación:

No caso de que unha alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que facelas de forma individual e entregalas na data indicada pola profesora.

Se tampouco fai esta entrega realizará unha proba escrita ao final de cada trimestre; a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota desta proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados nos diferentes proxectos do presente curso.

Avaliación extraordinaria: se fose preciso, realizarase unha proba escrita na que se incluarán a totalidade dos contidos da materia tratados durante o todo curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

- Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.
- Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.
- Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto final, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais.

Avaliación extraordinaria: se fose preciso, realizarase unha proba escrita na que se incluarán a totalidade dos contidos da materia tratados durante o todo curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia Dixital			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Illa das Esculturas.	Visita á Illa das Esculturas.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados